

a auga na cultura galega

a auga que cura

O GOCE DA AUGA

Gozar dun bo baño en auga fría ou quente, deixarse acariñar pola corrente ao pé dunha fervenza ou refrescarse nunha poza nun caloroso día de verán, sobre todo despois dunha camiñada... Son moitos os momentos nos que podemos identificarnos coa auga na natureza ou fora dela. Para relaxarnos, refrescarnos ou facer deporte, e tamén para tentar reducir as dores do corpo ou da alma.



Auga de San Xoán
Ten propiedades máxicas e curativas. Prepárese na véspera do santo antes de que se poña o sol collendo, segundo os lugares, auga de unha ou de varias fontes na que se botan herbas aromáticas e flores, déixase toda a noite ao sereo e úsase o día de San Xoán para lavarse.



Piscinas de augas termais da Chabasqueira. Ourense. A auga sae a 60 graos.



Pozo da igrexa de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz).
Conta a lenda que cando á santa lle cortaron a cabeza, ao caer deu tres golpes no chan dos que naceron tres fontes que aínda agora teñen auga. Augas Santas é un topónimo que podemos atopar en moitas partes de Galicia.



En moitos lugares de Galicia mantense a crenza de que a auga do ceo (chuvia) que se conserva nas coviñas das pedras ten propiedades curativas.



Cando estés no Santo André de Teixido terás que beber auga da fonte dos tres canos. Podes botar as farangullas do pan para saber se casarás logo segundo naden ou afundan.



Fonte do balneario de Berán (Beade)

CANTIGA

Miña Virxe de Augasantas ten a ferrada na fonte para beber os romeiros, que ven cansados de lonxe.

CRENZAS:

-Hai que coller auga nove veces dunha fonte que nunca secou para curar certos males (ouvidos, ollos...) ou para facer a auga da noite de San Xoán.

-Hai que coller auga de sete fontes, antes de raiar o sol, para curar enfermidades.

-Nalgúns lugares relaciónase a forma do manancial coa doenza que cura a auga. En Paderne de Allariz hai un manancial cunha rocha en forma de orella. Crese que a auga cura enfermidades dos ouvidos.

-Existen numerosas fontes miragreiras asociadas a santuarios (Santo André de Teixido, A Escravitude, Santa Mariña de Augas Santas, As Ermidas, A Lama, Amil, A Fonsagrada...)

-Na fontes dos santuarios móllanse os panos para pasar pola imaxe do santo ou santa e logo pola cara.



Fonte de Santa Rosa (Barreiros)

AUGAS TERMAIS. BALNEARIOS

A auga abrolla entre as pedras e despois dunha longa viaxe polo interior da terra sae cargada de enerxía e minerais. Podemos achegarnos ás augas termais a tentar mellorarnos dalgunha doenza ou simplemente por gozar dun momento de relaxación. Deixar que a auga acariñe o corpo canso e que a calor penetre ata os osos facéndonos sentir lixeiros e relaxados, que purifique a nosa pel e dilate as vías respiratorias. Tamén podemos facer tratamentos bebendo auga das numerosas fontes medicinais.

O territorio galego é pródigo en lugares onde facelo, en instalacións tradicionais ou modernas, ou en directo nas pozas e mananciais.



Termas de Lugo. Construídas polos romanos entre os séculos I e II. Os romanos déronlle un impulso importante ao uso terapéutico das augas.



As Burgas. Ourense. As augas termais de maior temperatura de Galicia, entre 64 e 68 graos.



Termas Aquis Querquernis a carón do río Limia en Beade. As augas saen a 48 °C.



Fontes de Frádegas (Antas de Ulla).



Fonte termal de Caldas de Reis. A auga sae entre 42 e 48 °C.



Manancial de Cabreiroá (Verín). As augas están indicadas para os trastornos metabólicos, as vías urinarias, o aparello dixestivo...



Balneario de Baños de Molgas. As augas saen entre 28 e 42 °C.